

## E ADEMAIS...

- ✔ Coñece o **Código Deontolóxico**, así como o **marco legal** no que se leva a cabo a túa práctica profesional.
- ✔ Respecta a **privacidade**. Obtén os datos persoais estritamente necesarios para a actividade profesional concreta.
- ✔ Protexe coidadosamente os **datos de carácter persoal**.
- ✔ Non **desacredites** a colegas de profesión, sen prexuízo da crítica científica que estimes oportuna.
- ✔ Non restrinxas a **liberdade** das persoas de abandonar a intervención e acudir a outro profesional.

### Quen somos?

A Comisión de Ética e Deontoloxía do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é a encargada de velar pola interpretación e a aplicación do Código Deontolóxico na práctica profesional, espallar o seu coñecemento e favorecer a formación e práctica ética.

#### Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Rúa Espiñeira, 10 baixo  
15706 Santiago de Compostela  
A Coruña

981 534 049 | [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal) | [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)

# ÉTICA E DEONTOLOXÍA NA INTERVENCIÓN PROFESIONAL

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA




# INFORMES

Os teus informes psicolóxicos deben ser **claros, precisos, rigorosos** e **intelixibles**. Debes expresar o seu alcance, limitacións, carácter temporal e as técnicas utilizadas.  
Sé prudente e cauto/a no que deixas por escrito e non empregues etiquetas desvalorizadoras.



Solicita o **consentimento informado expreso** ao inicio da intervención. Con menores é preciso o consentimento dos proxenitores, sempre que non estean privados da patria potestade. No caso de que che conste a oposición dalgún deles, non inicies a intervención ou paralización, salvo que contes con autorización xudicial.

Non te atribúas **titulacións** que non posúas.



O **suxeito** dun informe psicolóxico ten dereito a coñecer o contido do mesmo. Se che solicita unha **copia**, dálla.  
No caso de **menores**, son os pais/titores/as quen teñen ese dereito, independentemente de cal deles solicitase a túa intervención.



Mantén unha **formación continuada**, tanto desde o punto de vista científico e técnico como deontolóxico.  
Garantirás a túa competencia profesional.



Explica, ao inicio da intervención profesional, os límites da **confidencialidade**.



Non emitas xuízos, comentarios ou conclusións sobre **persoas que non avalíaches** e non deron o seu consentimento.



Evita situación confusas nas que o teu **rol** sexa **ambiguo** ou **confuso** (por exemplo, non sexas terapeuta e perito no mesmo caso).

Utiliza **instrumentos e métodos validados cientificamente**.  
Das túas conclusións despréndense consecuencias vitais para a xente.



# IMPARCIALIDADE

Actúa con imparcialidade, sobre todo cando teñas coñecemento de que estás ante **intereses** persoais ou institucionais **contrapostos** (por exemplo, divorcios, empresas - empregados etc.).

**Actúa con responsabilidade. O descoñecemento da lei e das normas non te exime do seu cumprimento.**